

turas arriscadas en afastadas terras onde os protagonistas, e os lectores que con eles se acaban identificando, asisten a proxios da natureza, topan con enigmáticos seres humanos e animais quiméricos e fan o imposible por volver ao mundo coñecido para contárnolo.

Queipo arrinca da longa tradición narrativa oriental nun ambiente propio das *Mil e unha noites*, mais pasando pola peneira nutricia de Cunqueiro, a quen reivindica no vello narrador Hakim, remedo do Simbad conquiereirán, que conta á súa netiña, Saladina, as maravillosas historias que foi escoitando e adobiando persoalmente ao longo da súa longa vida no porto mariñeiro de Constantinia. Un libro case perfecto, se non fose porque lle faltou, ao final, unha revisión lingüística coidadosa. // **A. G. F.**

quera best-seller, pero que, desde o meu punto de vista, non logra acadar os seus obxectivos.

A complicadísima sucesión de accións narrativas, que imos dixerindo lentamente, non están satisfactoriamente xustificadas. O protagonista, un inxenuo rapazote francés que acaba en Camariñas na casa do seu tío en plena 1ª Gran Guerra, non é quen de decatarse do que acontece ao seu redor, pero curiosamente todo o mundo parece ter a necesidade de contarlle as misións secretas que está levando a cabo, sexan estas de carácter militar, político, económico ou impulsadas por sociedades herméticas. Difícilmente xustificábel é que sexa convidado a subir a un submarino alemán en misión de guerra ou que participe ao mesmo tempo dos segredos do Estado ultranacionalista alemán –en busca dunha clavicula de Alexandre Magno e dos textos de Zaratustra fundidos nun cofre na ría–, do Foreign Office e Scotland Yard –máis centrados nos negocios e en consolidar a súa supremacía marítima–, dunha sociedade masónica escocesa preocupada polo Ben Universal ou da xente da vila que fai negocios ilegais con todos.

A verosimilitude da historia vese tamén prexudicada polo uso dunha linguaxe pouco apropiada para uns personaxes que actúan en 1918 mais que falan no argot xuvenil castelanizante actual –“medio apalominado” (p. 45); “vaille a marcha” (p. 165)– chegando ao extremo de

que os termos galegos teñan que aparecer entre comiñas: “eses andaban buscando o tesouro, chupárono e piraron, “liscaron” (p. 80).

A falta de correspondencia entre o que din e fan os personaxes e súa condición, época e o lugar onde se sitúa a acción dá pé a curiosos anacronismos: en 1918 na pequena Camariñas debía resultar escandaloso que a sobriña do cura andara en bicicleta de pantalóns curtos, por non falar do cómico que é imaxinar un soldado alemán pasándolle a fregona ao submarino na dársena do porto.

Outro aspecto que me gustaría comentar é o pouco coidado que poñen as editoriais na corrección gramatical dos textos. Non sería unha tarefa tan difícil nin custosa evitarnos ler cousas como: “Irene sabe ler as mans e botar as cartas, un día vaite ler o futuro” (p. 49) por poñer só un exemplo.

E unha última e indignada observación: as personaxes femininas, curiosamente todas agás a nai do protagonista, están sempre caracterizadas con comentarios misóxinos do tipo: “E a súa filla, a cabra da súa filla, do mesmo nome” (p. 40); “¿Quen viña sendo? Outra boa peza, pero fermosa, a condenada, como as víboras de cores” (p. 79). A lista é longa, por iso imos poñer punto e final cun último exemplo que non quero deixar no caixón: “Cando hai unha española perdendo o tempo en política ten que haber un asunto ruín. Se ademais son dúas e de bo ver, cheira a xofre” (p. 100). // **A. G. F.**

U-49 · Rafael Lema ·
Tambre, 2007 ·
208 páx · 8,70 euros



U-49 É UNHA NOVELA con grandes pretensións que xoga cunha trama complexa repleta de misterios, equívocos, obxectos míticos, maxia, conspiracións políticas e mesmo contubernios xudeu-masónicos que farían palidecer a cal-